<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
8	Geografía humana.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido global e a información máis relevante en textos escritos e multimodais realizando as inferencias necesarias.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos entre os textos lidos, outros textos e outras manifestacións artísticas e culturais.	PE	75
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos lingüísticos e de estilo.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Comprender e explicar a relación entre a intención comunicativa do emisor e as súas eleccións lingüísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Comprender o sentido global e a información máis relevante en textos orais e multimodais de diferentes ámbitos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de diversos textos.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Localizar e seleccionar de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes en función dos obxectivos de lectura.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.	Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua.	TI	25
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor utilizando o coñecemento explícito da lingua.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua e os usos manipuladores da linguaxe partindo da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais con certo grao de planificación sobre diversos temas con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e formais, mantendo estratexias de cooperación conversacional.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo.		
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Organizar a información e integrala en esquemas propios adoptando un punto de vista crítico.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisar os textos propios e facer propostas de mellora a partir da reflexión metalingüística.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abranguendo o ámbito persoal, educativo e social.	Utilizar estratexias para a resolución dos conflitos.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar de maneira activa en interaccións orais informais adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender o sentido global e a información máis relevante en textos escritos e multimodais de certa complexidade.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos con intención literaria en distintos soportes partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. <ul style="list-style-type: none"> - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
 - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
 - Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
 - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
 - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
 - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
 - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
 - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
 - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
 - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
 - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
 - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.

Contidos

- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Pese a que non existe una metodoloxía ideal nen única, senon que varía en función dos diferentes factores do día a día na aula, concebimos a educación como un proceso constructivo no que a actitude que manteñen alumnado e profesorado permite unha aprendizaxe significativa. As alumnas e os alumnos convírtense no motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar por sí mesmos os seus esquemas de coñecemento. Ao seu carón, a profesora exerce o papel de guía, ao poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas con novos contidos. Isto permite garantir a funcionalidade da aprendizaxe, asegurando que o estudiantado poida empregar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben usándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes. Este enfoque concrétase nos seguintes aspectos:

- Sigue unha metodoloxía activa e participativa. Debemos esinar ao noso alumnado a aprender por eles mesmos, a construír o seu propio coñecemento.
- Ten presentes as diferentes posibilidades de aprendizaxe de

cada alumna/o, os seus ritmos, estilos. Proporciona vías diversas de aprendizaxe e inclúe actividades de reforzo e ampliación.

- Integra as novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), que constituirán un soporte fundamental para o desenvolvemento das sesións (vídeos, presentacións...).
- Contén actividades de aprendizaxe integradas que, ademais, xiran en torno a un enfoque multidisciplinar e impulsan o desenvolvemento das competencias clave.
- Busca fomentar o pracer pola lectura. As diferentes propostas para fomentar o gusto polos libros oncrétanse máis adiante nesta programación..

Non se emprega libro de texto, posto que o noso centro está inmerso no proxecto de libro dixital E-dixgal. O profesorado elabora materiais diversos que vai subindo progresivamente á plataforma. Espazo que, asemade, lle serve ao alumnado para a realización de tarefas, entrega de traballos, etc.

Os libros propostos como lecturas obrigatorias teñen aprobados por tódolos membros do Departamento e serán os mesmos para os tres grupos deste nivel. Nalgúns casos, é posible que xurda a necesidade de ofertar algún título diferente ao alumnado, se as súas características persoais así o aconsellaran. Nese caso, a elección quedará a criterio do profesor, atendendo aos gustos e as necesidades específicas do alumno ou alumna.

Por último, imperarán na aula estratexias didácticas que requiran un maior grao de actividade por parte dos discentes, e darase prioridade á realización de actividades que impliquen poñer en funcionamento o proceso intelectual, a aplicación do aprendido, a resolución de problemas, a selección de información de fontes diversas... (aprendizaxe baseado en pensamento), tanto individuais como grupais para fomentar o traballo cooperativo e colaborativo. Adoptaránse métodos que escapen á entrega de teoría xa elaborada e se centren máis en fomentar a observación e a experimentación, xa que un dos medios máis significativos para a

parendizaxe é o realizado mediante ou a través do autodescubrimento, e en contribuir ao desenvolvemento dunha sensibilidade cultural que lles permita entender o mundo por medio dunha interpretación rica en matices, apreciando as diferentes manifestacións e enfoques que nela se atopan.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
-Materiais preparados polo docente.
-Emprego de recursos dixitais (enlace a dicionarios)
-Emprego do soporte dixital (Edixgal)
-Libro de lectura obrigatoria en papel

A docente articulará as medidas que considere necesarias para o pleno desenvolvemento da práctica na aula: publicacións para ilustrar temas e cuestións específicas, antoloxías de textos, publicacións especializadas, prensa, revistas e recursos informáticos.

Os recursos dixitais resultan unha ferramenta valiosa na búsqueda de información e documentación:

- 1- En la ESO se empleará como plataforma digital Edixgal, mientras que en Bachillerato se usará el Aula Virtual.
- 2- Enlaces web a contidos de reforzo, ampliación, a ferramentas TIC que complementan os contidos e acilitan a realización de actividades e tarefas.

Neste sentido, recomendamos o emprego dos seguintes sitios:

<http://www.cervantesvirtual.com> www.bibliotecavirtual.com.do www.elcastellano.com <http://dle.rae.es/>

<http://recursos.cnice.mec.es/lengua/alumnos/bac1/b2/t/index.html>

- 3- Vídeos para o traballo da comprensión i expresión oral, e o achegamento e a motivación cara determinados contidos.

- 4- Reproducción de material audiovisual (cancións, vídeos, etc. de diferentes plataformas) para o desenvolvemento da comprensión i expresión oral.

- 5- O Departamento dispón de materiais de apoio para o alumnado que precise reforzar algúns aspectos da materia (cadernos de ortografía, de gramática, de expresión escrita, de práctica de comentarios de texto, etc.).

- 6- A biblioteca do centro brinda boas posibilidades de uso, dado que conta co apoio do profesorado, e os seus fondos servirán en moitos casos como material de consulta e como estratexia para o fomento da lectura.

Ademais, durante o desenvolvemento do curso, o alumnado terá como lecturas obrigatorias as seguintes:

Escartín en Lima, Fernando Lalana (Editorial Bambú, colección Clásicos Universales).

Hyde, David Lozano (Editorial Alfaguara).

El Lazarillo de Tormes (Editorial Vicens Vives, colección Clásicos Universales).

Invisible, Eloy Moreno (Editorial Nube de Tinta)

Nota: o alumnado poderá ler ata un máximo de dous libros de lecturas complementarias por trimestre que axudarán a redondeala nota de cada avaliación. Estas lecturas serán supervisadas pola docente do nivel.

Asemade, para o alumnado que presente calquera tipo de NEAE ou dificultade de comprensión lectora, o departamento de lingua española e literatura, en consonancia co de Orientación, optará por lecturas máis flexibles, sendo estas extraídas de plataformas, como por exemplo, a que se referencia: <https://www.lecturafacil.net/es/>.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá nunha pequena proba que o/ docente realizará para saber de que punto se parte e, a partir de aí, saber a onde se quere chegar, en consonancia co currículo de 3º de ESO.

Deste xeito, serviralle devandita proba para coñecer as principais destrezas e contidos que o alumnado adquiriu, a través das diferentes competencias, en cursos anteriores. Esta podería estar formada por preguntas do seguinte calibre:

- 1- Unha lectura con preguntas (comprensión escrita).
- 2- Actividades sobre morfoloxía (categorías gramaticais).
- 3- Actividades de ortografía.
- 4- Unha actividade de expresión escrita (compoñer algún tipo de historia).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	20	20	100
Proba escrita	75	75	75	75	75	75	75	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25	25	25	25	25	25

Criterios de cualificación:

Acórdase por consenso que as notas entre avaliacións se expresarán por truncamiento; a media final realizarase a partir das notas con decimais obtidas en cada avaliación e esta aproximarase por redondeo á unidade (se a décima é igual ou maior de cinco, pasaremos á unidade superior; de non ser así, á inferior), Esta aproximación final realizarase sempre como único criterio para todos os alumnos dese nivel.

Se algún alumno é sorprendido copiando ou utilizando calquera tipo de dispositivo electrónico (móbil, iPod, pinganillos,) se lle calificará co mínimo legal e se sancionará con aquelas medidas que recolla el NOF do centro.

Dentro destes criterios de cualificación, determinaremos os seguintes aspectos:

- a) 60% de estándares específicos da materia (a lingua e educación literaria) avaliados a través de, alomenos, dúas probas escritas en cada trimestre.
- b) 15% de libro de lectura obligatoria.
- c) 25% de traballo do alumnado:
 - 10% traballos escritos
 - 5% exposicións orais
 - 5% competencia dixital
 - 5% traballo na aula

Todas as probas escritas, que non sexan tipo test, valoraranse sobre 10 puntos. A corrección formal e destreza no uso da lingua descontará ata un máximo de 2 puntos.

A modo de exemplo, introducimos os seguintes elementos para todos os exames:

ERROS ORTOGRÁFICOS (-0,1/erro)

ERROS ORTOGRÁFICOS NON REPETIDOS NO USO DO ACENTO GRÁFICO (-0,05/erro).

ERROS NO USO DO LÉXICO POR EMPREGO NON AXEITADO, INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS, FALTAS DE CONCORDANCIA, ERROS GRAMATICAIS, (-0,1/erro)

Os erros ortográficos ou de acentuación de aqueles alumnos que acrediten algún trastorno relacionado coa ortografía, como a dislexia, teranse en conta, pero soamente se descontará a metade das penalizacións mencionadas

anteriormente.

Criterios de recuperación:

Ao alumnado, que non necesite un programa específico de atención e non superara cos mínimos esixibles o conxunto de probas para unha avaliación trimestral positiva, se lle propondrán actividades de reforzo que incidan na aprendizaxe de aqueles contidos que no adquirira. A final de curso, aqueles alumnos que non obtiveran os mínimos esixibles no conxunto de coñecementos pautados para unha avaliación terán a posibilidade de realización dunha proba de valoración sobre a adquisición de ditos mínimos no mes de xuño.

Os criterios serán os seguintes:

- a) Tras facer a media dos tres trimestres, o alumnado que obteña un 4,5 terá automaticamente un 5 na avaliación final.
- b) Tras facer a media dos tres trimestres, o alumnado que acade unha nota igual o superior a 5 terá o curso aprobado.
- c) Tras facer a media dos tres trimestres, o alumnado que acade unha nota inferior a 5 deberá realizar unha proba escrita no mes de xuño cos principais criterios e contidos vistos ao longo do curso e que non foron superados.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Frecuentemente, o alumnado que ten a materia de Lingua castelá e literatura pendente de cursos anteriores límitase a presentarse ás probas extraordinarias de recuperación desprezando, de forma xeneralizada, a aprendizaxe continua e significativa dos contidos non superados, restando desta maneira importancia á superación dos mínimos sinalados e buscando unicamente alcanzar unha calificación positiva (búscase aprobar e non aprender). Co propósito de subsanar esta deficiencia plantexamos unha nova metodoloxía na atención ao alumnado coa materia suspensa que se articularía en torno ás seguintes propostas: aínda que no noso centro estableceuse que o seguimento do alumnado con materias pendentes corresponde á Xefatura de Departamento, os integrantes deste departamento decidimos por unanimidade que no curso 2023-2024 a evolución do alumnado con materias pendentes corresponda ao profesor que lle imparta a materia.

PROCEDEMENTOS PARA RECUPERAR A MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA PENDENTE DE 3º ESO

A principio de curso, cada profesor encargárase de seguir a evolución daqueles alumnos aos que imparta docencia, establecendo un horario de sesións de tutoría adicadas á resolución de dúbidas, explicación de conceptos básicos, orientacións metodolóxicas e revisión do traballo realizado. Ditas sesións levaranse a cabo durante os recreos (para non interferir no normal desenvolvemento das clases) e terán certa periodicidade (dous recreos ao mes desde setembro a decembro). A asistencia a estas reunións terá carácter obrigatorio e será condición indispensable para poder presentarse á primeira convocatoria de exame que fixa a Xefatura de Estudos no mes de xaneiro. O profesor encargado levará o control da asistencia ou non a estas sesións e a implicación do alumnado nas mesmas.

Para facilitar a tarefa de repaso e adquisición dos contidos non superados, se lles propondrá aos alumnos, ao comezo do curso, un caderno de actividades elaborado polo profesor que contén exercicios de repaso, tanto prácticos como teóricos, que coinciden cos mínimos propostos.

O profesor ofrecerá aos alumnos as pautas de elaboración e un calendario cos prazos para ir completando cada apartado de tarefas que serán revisadas e corrixidas nas sesións de tutoría. A realización de dito caderno de actividades terá carácter obrigatorio e farase entre os meses de setembro e xaneiro. Completar as actividades propostas no caderno e asistir regularmente ás sesións de tutoría consideraranse condición indispensable para obter 2 puntos (20% da nota) que se sumarán ás probas extraordinarias de avaliación, que terán un valor de 8 puntos (80% da nota). Estas probas basaranse nas actividades realizadas e revisadas.

Todo aquel alumnado que supere a proba no mes de xaneiro, terá a materia recuperada. De non ser o caso, ten unha nova oportunidade no mes de maio.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas son un reflexo da diversidade da sociedade actual e das diferencias propias dos individuos que integran os distintos colectivos. O recoñecemento da diversidade nas habilidades e expectativas de alumnos e alumnas constitúe un principio fundamental que debe rexir a acción educativa, para asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos ante a educación, e poñer os medios para evitar o fracaso escolare e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade debe ser entendida como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado.

Polo tanto, o plan de atención á diversidade ha de orientarse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para ESO e Bacharelato e rexirase polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación en todos os sentidos, flexibilidade, accesibilidade e diseño universal, e cooperación da comunidade educativa.

Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe, deseñaranse programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos educativos en cada etapa. Dacordo con este criterio, propóranse actividades de recuperación e reforzo para o alumnado que presente dificultades de aprendizaxe:

- Repetición de probas escritas.

- Exercicios de reforzo nos aspectos da aprendizaxe que plantexen maior dificultade.

- Cadernos de repaso e reforzo de ortografía, léxico, comunicación e gramática. (Este tipo de recursos detállanse no apartado de Materiais e recursos didácticos.)

- Repetición dos traballos ou exercicios que presenten deficiencias na súa realización, tras as oportunas correccións e orientacións.

- Proposta de lecturas con exercicios asociados sobre comprensión lectora, guías de lectura, ditados, elaboración de redaccións, textos expositivos, resúmenes e esquemas para potenciar tanto a lóxica discursiva como a coherencia expositiva e a cohesión gramatical na construción de textos.

Os alumnos cun nivel superior á media do grupo realizarán lecturas e traballos complementarios de investigación e de profundización sobre os Bloques de contidos incluídos na Programación didáctica.

Por outra banda, resulta rentable organizar grupos de traballo implicando ao alumnado máis avantaxado nas actividades de recuperación e reforzo dos seus compañeiros con máis dificultades de aprendizaxe a través de proxectos conxuntos. A actitude dos alumnos é sempre positiva ante este tipo de experiencias, o que incide na consecución das competencias transversais.

Por último, a acción tutorial, a orientación psicopedagóxica e a colaboración das familias fanse imprescindibles no proceso de recuperación e superación do fracaso escolar.

A materia abórdase con criterios flexibles nos que se combinarán cuestións de diferente dificultade e ordenarase hacia aqueles aspectos que reporten maior utilidade aos diferentes tipos de alumnos. Prestarase atención ao factor progresivo da asignatura, de modo que poida observarse un incremento no grado de adquisición de competencias do alumnado desde os primeiros pasos do curso aos últimos.

Os contidos curriculares presentan un recorrido suficientemente extenso para alcanzar o máximo grado de desenvolvemento ao que se porá aspirar. Nunha posición intermedia situarase a xeneralidade do alumnado, polo que, tanto uns coma outros, estarán atendidos nas súas necesidades.

Os procedementos propostos teñen como finalidade aclarar, comprobar ou afianzar os contidos e desenvolver as competencias e as habilidades analíticas necesarias para abordar a produción e a comprensión dos textos con suficiente complexidade e madurez en cada nivel curricular.

As actividades de Léxico, Ortografía, Morfosintaxis e Expresión oral e escrita son variadas e amplias. Inclúen boa parte dos aspectos de uso, norma, adquisición de vocabulario e estilo da lingua que deben considerarse en cada nivel. Delas tomaranse as que máis se adecuen ás necesidades de cada grupo en términos xerais ou particulares. O mesmo plantexamento inspirará a selección de textos que complementarán o Bloque de Literatura.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Liberdade e xustiza.	X							
ET.2 - Respecto pola paz e a democracia.	X							
ET.3 - Fomento do espírito crítico e científico.		X						
ET.4 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.			X					
ET.5 - Prevención e resolución de conflitos en todos os ámbitos.				X				
ET.6 - Linguaxe libre de prexuízos e estereotipos.					X			
ET.7 - Plurilingüismo.						X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes.							X	
ET.9 - Afianzar o espírito emprendedor en aptitudes como a creatividade e a iniciativa.								X

Observacións:

En todas as unidades traballarase, alomenos, un elemento transversal, a través da expresión oral e escrita. Ademais, deberán realizar unha composición escrita sobre o valor en cuestión. Todo iso porase en práctica a través de traballos (ou proxecto de aula) trimestrales que propoña o docente e no día a día da actividade lectiva.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita dun/a autor/a ao centro	A través das lecturas obrigatorias, propóñenos desde algunhas editoriais a visita ao centro dun/a autor/a ao longo do curso académico.		X	

Observacións:

O Departamento acorda deixar aberta a posibilidade da realización de actividades extraescolares xa que dependemos da disponibilidad das mesmas. En todo caso, e sempre que sexa factible, se asistirá á representación de obras teatrais, películas, conferencias dalgún autor de literatura xuvenil, etc. Tamén se contempla a realización dalgunha excursión cultural como en anos anteriores.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada. Empregáronse recursos e materiais didácticos variados. Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, etc.
Metodoloxía empregada
Ao comezo da cada unidade, expóranse os contidos e obxectivos que se pretenden explicar en cada unidade. Comenzárase cada unidade cunha actividade de inicio. A continuación realizaranse actividades de desenvolvemento, que permitirán asentra novos criterios e contidos. Para finalizar haberá tres tipos de actividades finais, segundo a súa complexidade: reforzo, profundización e investigación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados. Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector. Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación.
Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias ao alumnado que así o requeriou. Leváronse a cabo medidas de reforzo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que facilitasen a adquisición dos obxectivos marcados.
Outros
A finais de curso realizouse unha enquisa que permitiu ao alumnado avaliar a praxis do/a profesor/a en cuestión.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados